

## Estatística de construción de edificios. Maio 2007

### COMUNICADO

#### O crecemento da variación neta de vivendas nos cinco primeiros meses de 2007 foi do 67,6% respecto ao mesmo período do ano anterior.

En maio de 2007 a variación neta do parque de vivendas aumentou un 120,0% con respecto a maio de 2006

A variación neta do parque de vivendas en maio de 2007 foi de 5.922 unidades, supoñendo un aumento do 120,0% fronte á rexistrada en maio de 2006. No que vai de ano o crecemento con respecto ao mesmo período do ano anterior é do 67,6%.

Este forte crecemento de maio de 2007 débese aos elevados crecementos das vivendas a crear en nova planta, que presenta unha taxa interanual de 117,3% e das vivendas a crear en rehabilitación, que aumentan un 131,8%. As vivendas a demoler, que crecen un 48,9%, minoran o crecemento do parque de vivendas.

#### Estatística de construción de edificios. Maio 2007.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Superficie total. Nova planta. (miles de m <sup>2</sup> )	1.200	134,8%	67,2%
Variación neta parque de vivendas (número)	5.922	120,0%	67,6%
Vivendas a crear			
Vivendas a crear en nova planta	5.903	117,3%	69,6%
Vivendas a crear en rehabilitación	153	131,8%	-8,6%
Vivendas a demoler	134	48,9%	29,9%
<b>Datos corrixidos de efecto calendario</b>			
Superficie total. Nova planta. (miles de m <sup>2</sup> )	1.154	134,8%	65,5%
Vivendas a crear en nova planta	5.686	117,3%	68,2%


Fonte: IGE, Ministerio de Fomento. Estatística de construción de edificios

**A superficie total da edificación de nova planta creceu un 134,8% en maio de 2007 con respecto ao mesmo mes do ano anterior**

En maio de 2007 a superficie total a edificar presenta unha taxa de variación interanual do 134,8%, crecemento que se observa tanto na superficie destinada a vivenda, taxa interanual do 107,2%, como na non residencial que mostra un elevado aumento interanual. Corrixida de efecto calendario a superficie total presenta o mesmo crecemento.

No que vai de ano o crecemento da superficie total de nova planta é do 67,2% con respecto ao mesmo período de 2006, en termos de datos corrixidos de efecto calendario o crecemento acumulado nos cinco primeiros meses de 2007 é dun 65,5%.

No seguinte gráfico pódese observar a evolución da taxa de variación interanual da superficie total de edificios de nova planta dende 1996.



Fonte: IGE, Ministerio de Fomento. Estadística de construción de edificios

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.eu>